

## Proxecto eTwinning “Letras Galegas 2015 – Rosalía de Castro”

Ainoa García-Puertas Pérez, alumna da materia Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC's) de 1º Bacharelato do IES “Praia Barraña” de Boiro acada o primeiro premio no proxecto europeo eTwinning 2015.

O xurado do [V Concurso Europeo de Marcapáxinas](#) acordou conceder os seguintes premios:

- **1º premio (100 €): Ainoa García-Puertas Pérez – IES Praia Barraña, Boiro, Galiza, España**
- 2º premio (75 €): Lisa Topi – Liceo Classico S. C. Calasanzio, Italia
- 3º premio (50 €): Héctor Oanes Ferrín – IES San Clemente, Santiago de Compostela, Galiza, España
- Accésit (30 €): Ana – Escola secundaria Carlos Amarante, Braga, Portugal

Ao concurso, no que participaron 16 institutos de Portugal, Italia, Francia e España, presentáronse máis de 300 marcapáxinas a través do **proxecto eTwinning [Letras Galegas 2015 – Rosalía de Castro](#)**, que ten outras actividades como gravación de vídeos, curso de galego, cronoloxía e tradución de obras de Rosalía e de outros autores como o portugués Fernando Pessoa e o xenovés Edoardo Firpo.

O obxectivo principal deste proxecto foi dar a coñecer a lingua galega e a obra de Rosalía de Castro, ela foi a primeira escritora homenaxeada no día das Letras Galegas. Os estudantes deseñaron marcapáxinas inspirados na obra desta autora e empregaron as novas tecnoloxías como medio de traballo. Enlace aos outros premios [aquí](#).



*Marcapáxinas gañador- Ainoa García-Puertas (IES “Praia Barraña”, Boiro)*